

# *Cisticola juncidis* (Rafinesque, 1810)

	carriza dos xuncos
	cisticola buitrón
	ihi-txoria
	trist
	zitting cisticola
	fuinha-dos-juncos



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Sylviidae	<i>Cisticola</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

Peso	10 g
Lonxitude	10 cm
Envergadura	12-15 cm

## ALIMENTACIÓN

Principalmente insectos

## COMPORTAMENTO

Presenta unha conduta inqueda. Ámbolos dous sexos constrúen un niño moi elaborado con forma ovoide e entrada lateral feita con follas perforadas co pico e unidas coa axuda de telas de arañas e fibras vexetais.

## REPRODUCCIÓN

Celo de marzo a agosto, con 2-3 postas. En cada unha a femia pon de 4 a 7 ovos de cor branco-azulado. A incubación pola femia dura 13 días. Aos 15 días de nacer xa poden voar e aos 20 son independentes.

## HÁBITAT

Chairas abertas con vexetación herbácea densa, en zonas húmidas e secas.

## DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuída nas zonas ecuatoriais-tropicais de África, Asia e Australia, e no entorno do Mediterráneo e Oriente Próximo

## CURIOSIDADES

Pese ao seu pequeno tamaño é unha especie conspicua debido ao seu canto territorial emitido no aire semellante a un pequeno marteleo, sendo característico o que voe coa cola despregada axitándoa arriba e abaixo.